

O concello publicou unha convocatoria de subvencións dedicadas a financiar actividades que teñan como finalidade a promoción e difusión do patrimonio cultural do municipio, podendo solicitálas as entidades xurídicas sen ánimo de lucro. O prazo de presentación de solicitudes empeza a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e dispórase dun prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes. A publicación no Boletín Oficial da Provincia realizouse con data 4 de abril.

Abril

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	<b>14</b>	<b>15</b>	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

**\*14: festivo autonómico**

**\*15: festivo nacional**

De acordo coas bases, a presentación de solicitudes realizarase por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible para tal fin na sede electrónica do concello. Así mesmo, unha vez transcorridos tres meses a partir do día seguinte a aquel en que termina o prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Don Manuel Vázquez López, en representación da asociación de promoción do patrimonio cultural do municipio (entidade xurídica sen ánimo de lucro), presenta un escrito na oficina de asistencia en materia de rexistro do concello o día 13 de abril solicitando dita subvención para a creación dunha páxina web dedicada á difusión do patrimonio cultural do concello. Acredítase pola súa banda a representación mediante documento público notarial.

Dona Silvia Ambroa Jiménez, en representación da asociación de defensa do patrimonio cultural do municipio (entidade xurídica sen ánimo de lucro), presenta unha instancia xeral solicitando dita subvención a través da sede electrónica o día 25 de abril para o financiamento da publicación dun libro acerca dos distintos instrumentos musicais tradicionais do municipio. Non se acredita pola súa banda a representación.

Don José Martínez González, no seu propio nome, presenta unha solicitude mediante formulario normalizado a través da sede electrónica para a devandita subvención coa finalidade de financiar un disco de música tradicional de produción propia, o día 15 de abril.

Dona Alejandra Núñez Cores, en representación da asociación para a promoción das artes tradicionais do municipio (entidade xurídica sen ánimo de lucro), presenta unha solicitude mediante formulario normalizado para a devandita subvención a través da sede electrónica o día 28 de abril. Acredítase pola súa banda a representación mediante documento público notarial.

O número de solicitudes recibidas impide a posibilidade, por parte da administración, de resolver en prazo, circunstancia que é apreciada polo órgano competente.

**Contestar ás seguintes preguntas na plantilla proporcionada. Unicamente hai unha resposta válida por pregunta. Cada tres respostas erróneas ou cada tres preguntas sen responder descontarán unha resposta válida ou a parte proporcional no caso de que o número de respostas erróneas ou sen contestar sexa menor.**

1. En relación á solicitude presentada por Don Manuel Vázquez López:

- a) Presentouse en prazo, mediante o formulario normalizado e a través de vía electrónica.
- b) Presentouse fóra de prazo, mediante o formulario normalizado e a través de vía electrónica.
- c) Presentouse en prazo, mediante formulario normalizado e de forma presencial.
- d) Presentouse en prazo e de forma presencial.

2. En relación á solicitude presentada por Dona Silvia Ambroa Jiménez:

- a) Presentouse en prazo, mediante o formulario normalizado e a través de vía electrónica.
- b) Presentouse fóra de prazo, mediante o formulario normalizado e a través de vía electrónica.
- c) Presentouse en prazo, mediante formulario normalizado e de forma presencial.
- d) Presentouse en prazo e a través de vía electrónica.

3. En relación á solicitude presentada por Don José Martínez González:

- a) Presentouse en prazo, mediante o formulario normalizado e a través de vía electrónica.
- b) Presentouse fóra de prazo, mediante o formulario normalizado e a través de vía electrónica.
- c) Presentouse en prazo, mediante o formulario normalizado e de forma presencial.
- d) Presentouse fóra de prazo, mediante o formulario normalizado e de forma presencial.

4. En relación á solicitude presentada por Dona Alejandra Núñez Cores:

- a) Presentouse en prazo, mediante o formulario normalizado e a través de vía electrónica.
- b) Presentouse fóra de prazo, mediante o formulario normalizado e a través de vía electrónica.
- c) Presentouse en prazo, mediante o formulario normalizado e de forma presencial.
- d) Presentouse fóra de prazo, mediante o formulario normalizado e de forma presencial.

5. En relación á solicitude presentada por Don Manuel Vázquez López:

- a) Non se acreditou a representación por medio válido en dereito polo que, en ningún caso, se terá por realizado o acto, de acordo co recollido no artigo 5.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) Acreditouse a representación por medio válido en dereito polo que se entenderán con este as actuacións administrativas, de acordo co artigo 6.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- c) Non se acreditou a representación por medio válido en dereito, o que non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se achegue aquela ou se

emende o defecto dentro do prazo de dez días que deberá conceder para o efecto o órgano administrativo, ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran, de acordo co recollido no artigo 5.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

d) Acreditouse a representación por medio válido en dereito polo que se entenderán con este as actuacións administrativas, de acordo co disposto no artigo 5.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. En relación á solicitude presentada por Dona Silvia Ambroa Jiménez:

a) Non se acreditou a representación por medio válido en dereito polo que, en ningún caso, se terá por realizado o acto, de acordo co recollido no artigo 5.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Acreditouse a representación por medio válido en dereito polo que se entenderán con esta as actuacións administrativas, de acordo co artigo 6.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

c) Non se acreditou a representación por medio válido en dereito, o que non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se achegue aquela ou se emende o defecto dentro do prazo de dez días que deberá conceder para o efecto o órgano administrativo, ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran, de acordo co recollido no artigo 5.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

d) Acreditouse a representación por medio válido en dereito polo que se entenderán con esta as actuacións administrativas, de acordo co artigo 5.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7. En relación á solicitude presentada por Don José Martínez González:

a) Non se acreditou a representación por medio válido en dereito polo que, en ningún caso, se terá por realizado o acto, de acordo co recollido no artigo 5.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Acreditouse a representación por medio válido en dereito polo que se entenderán con este as actuacións administrativas, de acordo co artigo 6.1 da Lei 39/2015, de 1 de

outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

c) Non se acreditou a representación por medio válido en dereito, o que non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se achegue aquela ou se emende o defecto dentro do prazo de dez días que deberá conceder para o efecto o órgano administrativo, ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran, de acordo co recollido no artigo 5.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

d) Presenta a solicitude no seu propio nome, o que non cumpre as bases da convocatoria, dado que a subvención está dirixida a entidades xurídicas sen ánimo de lucro.

8. En relación á solicitude presentada por Dona Alejandra Núñez Cores:

a) Non se acreditou a representación por medio válido en dereito polo que, en ningún caso, se terá por realizado o acto, de acordo co recollido no artigo 5.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Acreditouse a representación por medio válido en dereito polo que se entenderán con esta as actuacións administrativas, de acordo co artigo 6.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

c) Non se acreditou a representación por medio válido en dereito, o que non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se achegue aquela ou se emende o defecto dentro do prazo de dez días que deberá conceder para o efecto o órgano administrativo, ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran, de acordo co recollido no artigo 5.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

d) Acreditouse a representación por medio válido en dereito polo que se entenderán con esta as actuacións administrativas, de acordo co artigo 5.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

9. Dona Silvia Ambroa Jiménez presentou a solicitude especificando que un dos documentos requiridos nas bases non se acompaña á devandita solicitude debido a que o presentou como documentación dun procedemento doutra administración:

a) A interesada deberá achegalo igualmente, debido a que en calquera caso debe achegar toda a documentación requirida nas bases, de acordo co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) A interesada deberá achegalo igualmente, debido a que unicamente está escusada de achegalo cando fose achegado anteriormente á mesma administración, de acordo con o establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

c) A interesada non deberá achegalo se o fixese anteriormente a calquera administración, debendo indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os documentos, sen que a administración poida, en calquera caso, solicitar novamente a achega do devandito documento á interesada, de acordo co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

d) A interesada non deberá achegalo se o fixese anteriormente a calquera administración, debendo indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os documentos, podendo a administración, excepcionalmente, solicitar novamente a achega do devandito documento á interesada, de acordo co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10. No caso de que a solicitude se presentara de forma incorrecta requirirase por parte da administración ao interesado para que a emende:

a) No prazo de 10 días, de acordo co artigo 68.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) No prazo de 5 días, de acordo co artigo 68.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

c) No prazo de 5 días, de acordo co artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

d) No prazo de 10 días, de acordo co artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

11. No caso de que a corrección do requirimento non sexa satisfeita no prazo establecido pola Lei:

a) Concederáselle unha ampliación de 5 días para a corrección, de acordo ao artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Concederáselle unha ampliación de 10 días para a corrección, de acordo ao artigo 68.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

c) Teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21, de acordo ao artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

d) Teráselle por desistido da súa petición e levantarase unha acta sucinta que se incorporará ao expediente, de acordo ao artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

12. Dona Silvia Ambroa Jiménez solicita o día 14 de xuño, por medio dunha instancia xenérica a través da sede electrónica, información sobre o estado da tramitación da solicitude da asociación:

a) Ao que non teñen dereito, debido a que deben esperar á notificación da resolución ou ao momento no que termine o prazo para notificar e resolver e quede desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, de acordo ao artigo 53.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Ao que teñen dereito, pero unha vez terminado o prazo para notificar e resolver, de acordo co artigo 53.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

c) Ao que teñen dereito, en calquera momento, de acordo ao artigo 53.1 a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

d) Ao que teñen dereito, en calquera momento, de acordo ao artigo 53.1 c) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

13. Ante a falta de medios suficientes e apreciando a imposibilidade de resolver en prazo:

a) O órgano instrutor poderá acordar, con data 29 de xullo, a ampliación do prazo para resolver, o que deberá ser notificado aos interesados, de acordo ao artigo 22 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) O órgano competente para resolver poderá acordar, con data 26 de xullo, a ampliación do prazo para resolver, o que deberá ser notificado aos interesados, de acordo ao artigo 23 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

c) O órgano competente para resolver poderá acordar, con data 29 de xullo, a ampliación do prazo para resolver, o que deberá ser notificado aos interesados, de acordo ao artigo 23 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

d) O órgano instrutor poderá acordar, con data 26 de xullo, a ampliación do prazo para resolver, o que deberá ser notificado aos interesados, de acordo ao artigo 22 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

14. O acordo de ampliación de prazo para a resolución do prazo máximo para resolver e notificar:

a) Non será en ningún caso motivado e caberá posibilidade de recurso, de acordo ao artigo 23 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Será motivado e non caberá posibilidade de recurso, de acordo ao artigo 23 da Lei 39/2015, de 1 d outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

c) Non será en ningún caso motivado e non caberá posibilidade de recurso, de acordo ao artigo 23 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



d) Será motivado e non caberá posibilidade de recurso, de acordo ao artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

15. O día 5 de outubro Don Manuel Vázquez López, ante a falta de notificación de resolución expresa á súa solicitude ata esa data, presenta pola sede electrónica un recurso de reposición:

a) De acordo co artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo para resolver e notificar será de tres meses.

b) De acordo co artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo para resolver e notificar será dun mes.

c) De acordo co artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo para resolver e notificar será de tres meses.

d) De acordo co artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo para resolver e notificar será dun mes.

16. Transcorrido o prazo máximo para resolver e notificar sen que tal circunstancia se producise:

a) Entenderase desestimada por silencio administrativo e non cabe a posibilidade de recurso.

b) Entenderase desestimada por silencio administrativo e cabe a posibilidade de recurso de alzada.

c) Entenderase desestimada por silencio administrativo e cabe a posibilidade de recurso potestativo de reposición.

d) Entenderase estimada por silencio administrativo e non cabe a posibilidade de recurso.

